

# Bloque

## Cedeira



O programa do BNG para estas eleccións municipais é un programa real, baseado no sentido común e na racionalidade e pensado para traballar e construír entre todas e todos unha Cedeira mellor.

O comercio local e a hostelería son sectores produtivos moi importantes da nosa economía e ao mesmo tempo indicadores de cómo van as cousas para todos. O turismo e todo o que se faga para atraer á xente de fóra é fundamental, pero igual de fundamental é que os nosos veciños e veciñas consuman no noso pobo.

Tendo todo isto en conta, estas son as nosas propostas concretas para estes sectores:

- Campañas de promoción que incentiven e dinamicen o consumo local, relanzar datas como o nadal, o antroido ou o samaín.
- A revisión á baixa dos impostos municipais, lixo, auga e contribución sen olvidármonos das taxas abusivas polas terrazas.
- Fomentar a colaboración con todo o tecido asociativo co que contamos, actividades que poñan en valor os espazos públicos. Canta maior sexa a oferta de actuacións na rúa máis se animará a xente a saír.

Son propostas moi concretas, reais e moi factibles, só depende de todas e todos nos levalas a cabo.

## **CEDEIRA DEPENDE DE NÓS**